

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN NOVE GRUPO GASTRONÓMICO, PARA A PROMOCIÓN DA GASTRONOMÍA DE GALICIA

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2016

REUNIDOS

Por unha banda, D^a María Nava Castro Domínguez, directora de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento polo Decreto 34/2015 do 21 de febreiro e conforme as facultades que lle confire o artigo 5º do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial.

E pola outra banda, D. Miguel Ángel Campos Gómez, en calidade de Presidente da Asociación NOVE Grupo Gastronómico, con domicilio social na Avda. Santiago, nº 12, CP 15840 , Santa Comba, con CIF G36443018.

As partes que interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das facultades que teñen conferidas para conveniar en nome das entidades que representan.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, de 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares e no artigo 88 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Segundo.- Que a Axencia Turismo de Galicia , en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

Que no exercicio das súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e



programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos. Entre os seus fins están o de promover a oferta turística existente e para isto, considera estratéxico o desenvolvemento dun conxunto de accións de apoio á gastronomía galega que posibilita así a competitividade de Galicia fronte a outros destinos.

A potenciación da nosa gastronomía considérase un factor clave para a redistribución da riqueza, capaz de fomentar o equilibrio entre as diferentes zonas do territorio e permitir dar a coñecer os excelentes produtos que ofrecen a terra e o mar galegos.

Terceiro.- Que a Asociación NOVE Grupo Gastronómico, é unha entidade sen ánimo de lucro cuxos fins son a defensa e promoción dunha concepción moderna e contemporánea da cociña galega dende o respecto a os seus orixes, cunha gastronomía de vangarda “made in Galicia” que combina o mellor da tradición e da innovación atendendo ás novas técnicas postas a disposición da calidade dos nosos produtos.

A Asociación NOVE Grupo Gastronómico, exalta a gastronomía de Galicia como un elemento vertebrador e un dos piares fundamentais da cultura dun país, integrada pola súa historia, as súas tradicións, as súas creacións artísticas e polos seus costumes gastronómicos. A promoción da gastronomía contribúe dun xeito moi importante a atracción turística de visitantes xa que este constitúe un dous maiores potencias da nosa comunidade.

Para a consecución dos seus obxectivos, Asociación NOVE Grupo Gastronómico, conta cos restauradores de máis relevancia da comunidade autónoma entre os que figuran algunhas das principais figuras da gastronomía internacional.

Por parte da Axencia Turismo de Galicia considerase axeitado, por razóns de interese público e social, colaborar economicamente nas actuacións deste presente convenio coa Asociación NOVE Grupo Gastronómico, dadas as específicas características desta entidade, xa que é a única asociación de cociñeiros existente en Galicia que aúna aos principais e máis prestixiosos restauradores da comunidade autónoma, e polo tanto a única capaz de desenvolver o obxecto deste convenio, razóns polas que non é posible promover a concorrência con outras entidades.

Cuarto.- Que nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016 figura a aplicación 04.A2.761A.640.0 “Promoción e difusión do turismo”, dotada con fondos propios da comunidade autónoma. Con cargo a esta aplicación, a achega da colaboración

económica da Axencia Turismo de Galicia para a realización das actuacións establecidas no convenio será de noventa mil euros (90.000 €).

Dada a converxencia de ámbitos de actuación e o mutuo interese en xuntar esforzos na consecución duns fins que son comúns, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscripción do presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é a promoción conxunta da Comunidade Autónoma de Galicia como destino turístico, promovendo e comercializando a gastronomía de Galicia.

Para isto, a Axencia Turismo de Galicia, e a Asociación NOVE Grupo Gastronómico colaborarán no desenvolvemento das seguintes actuacións de promoción de Galicia como destino turístico.

1.Celebración dunha acción promocional en formato Showcooking itinerante en megatrailer visitando as cidades de Oviedo, Xixón, Santander, Zamora, Valladolid e Salamanca:

A cada unha destas cidades trasladarase o megatrailer e situarase na localización máis acaída para asegurar a masiva asistencia de público ás sesións de cociña activa, dinámica e participativa que se realizarán, exaltando a cociña de autor e os produtos galegos, con diálogos entre cociñeiros e participantes, nas que se procederá á preparación in situ e posterior degustación guiada dos pratos deseñados para a ocasión. Este tipo de evento conta con gran receptividade e aceptación polo público, acadando unha gran transcendencia a nivel social e cultural.

Esta unidade móbil, polas súas características técnicas permite unha rápida e fácil instalación en calquera ubicación e localidade, dispoñendo de espazos diferenciados (zona de degustación, aula multimedia, zona de atención personalizada, sala de reunións, zona expositiva...) especialmente deseñados para un marketing de rúa, directo, achegando as propostas culinarias ao público a través dunha publicidade non convencional, interactiva, móbil, tipo roadshow, que foxe da tipoloxía clásica para avanzar nunha campaña de difusión e promoción máis experiencial. Esta capacidade de transmitir a mensaxe de forma directa e



dinámica é a que contou máis á hora de elixir este medio móbil, porque posibilita un enfoque máis cómplice e participativo, máis fresco, brindando ademais a oportunidade de avaliar in situ as opinións, impresións e intereses do target, controlando e obtendo resultados reais, así como útiles bases de datos que serán de moita utilidade de cara a futuras accións de difusión e promoción.

A estes showcookings 'viaxeiros' accederán, loxicamente, as persoas que, por iniciativa propia, se acheguen á unidade móbil, pero tamén se convidará, en cada cidade, a profesionais da cociña, así como representantes do resto de asociacións ou grupos gastronómicos, autoridades e persoal do sector empresarial vencellado coa gastronomía e a alimentación en xeral en calquera dos seus aspectos.

Ao mesmo tempo, terán especial presenza os medios de comunicación especializados e xornalistas, escritores, blogueiros e plataformas de difusión relacionadas coa gastronomía en calquera das súas facetas, co fin de que cada acción teña unha difusión masiva.

Os paneis e soportes audiovisuais completarán a experiencia con información sobre a técnicas/produtos/produtores, así como outros dos atractivos fundamentais de Galicia como as súas paisaxes, o seu patrimonio natural e monumental, as súas festas de interese, etc.

2. Publicación de folleto promocional do Grupo Nove coa presenza doutros recursos turísticos de Galicia:

A edición dun folleto promocional e informativo que sirva de carta de presentación do Grupo, dos cociñeiros, dos restaurantes e da cociña de vangarda de Galicia, que conteña asemade outros recursos turísticos esenciais da comunidade, de xeito que a oferta presentada sexa global e non unicamente gastronómica, como corresponde a un destino que aspira a situarse entre os prioritarios a nivel nacional e internacional.

Este soporte divulgativo concíbese nun formato manexable e cómodo e reflectirá, a filosofía do Grupo, transmitindo a idea de cociña galega moderna e de vangarda, de gran recoñecemento e prestixio, pero que segue mantendo un nexo de unión coa tradición e a despensa autóctona de Galicia como cociña de produto que é. Unha cociña que explora novos camiños sen renunciar á súa identidade e raíces. Ao carón haberá unha reseña tanto textual como fotográfica con outros recursos turísticos de interese dos que o turista pode gozar na súa visita e que completarán a experiencia do visitante.



- Características (Folleto)

- Tamaño: 10 x 20 cm (ancho x alto).
- Nº de páxinas: 52 impreso a a4/4 tintas sobre papel offset branco de 120 gr Cuberta: Papel offset branco de 190 gr. Impreso a 4/4
- Encadernación en rústica, fresados.
- Nº de exemplares 10.000

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento para a celebración das accións obxecto do presente convenio ascende a un total de **90.000,00€ (IVE incluído)** que se distribúen deste xeito:

Acción	
Showcooking itinerante	80.000,00.-€
Publicación folleto promocional	10.000,00.-€
Total	90.000,00.-€

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia, financiará o importe de noventa mil euros (90.000.-€) con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2. 761 A 640.0. A achega que fai a Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións, cubrirá só o custo de realización da actividade sen que a Asociación NOVE Grupo Gastronómico, obteña beneficio ou lucro industrial algún con esta.

Terceira. Compromisos das partes

A Asociación NOVE Grupo Gastronómico comprométese a realizar todas as actividades precisas para que as actuacións do convenio de colaboración se desenvolvan correctamente. Comprometéndose a:

- Entregar á Axencia Turismo de Galicia unha memoria das actividades realizadas.
- Executar o orzamento establecido na cláusula segunda
- Facer constar a cooperación da Axencia Turismo de Galicia en toda a información que se difunda sobre as actuacións, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidera distribuír.

- Incluir a promoción da “Marca Galicia” nas actuacións obxecto do presente convenio de colaboración. Nos folletos e outras publicacións deberán incluír na contraportada a marca turística, seguindo as indicacións do manual de uso. Para a aplicación correcta da marca, deberán descargar da páxina www.turgalicia.es/marca01s os arquivos informáticos cos elementos gráficos en calidade e formatos axeitados así como as condicións de uso.
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de e control do destino do investimento.
- Presentar, con anterioridade á sinatura do convenio, as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia

A Axencia Turismo de Galicia comprométese a:

- Achegar a contía prevista na cláusula segunda para colaborar nas actuacións obxecto do convenio.
- Colaborar nas actuacións de promoción e divulgación das actuacións obxecto do convenio.

Cuarta.- Xustificación e pagamento

1º.- A achega da Axencia Turismo de Galicia será librada, previa presentación da xustificación da execución das actuacións desenvolvidas para o que se deberá presentar a seguinte documentación:

- Memoria explicativa da actividade realizada e acreditación do cumprimento do obxecto do convenio.
- Facturas xustificativas dos gastos efectuados xunto coas transferencias bancarias ou outra documentación acreditativa do seu pago.
- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da seguridade social e de non ter pendente débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

Así mesmo achegárase unha certificación bancaria co número de conta para facer efectivo o pagamento dos fondos achegados.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

2º.- O prazo para xustificar por parte da Asociación NOVE Grupo Gastronómico e o 15 de novembro de 2016.

3º.- De non xustificarse a cantidade total, a liquidación de obrigas realizarase mediante prorrateo segundo os gastos efectivamente realizados de xeito que só se lle achegue o custo real da actividade, sempre e cando se acade o obxecto do presente convenio de colaboración.

4º. O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola Asociación, o cal deberá ser acreditado por esta coa xustificación do convenio.


Quinta.- Resultados conxuntos

O diverso material promocional elaborado en desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio de colaboración será de uso e titularidade común por ambas partes asinantes.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada por ambas partes, non obstante a Axencia Turismo de Galicia, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

Sexta.- Comisión de seguimento

Para o desenvolvemento e bo fin deste convenio de colaboración constituirase unha comisión paritaria que velará polo cumprimento das obrigas das partes e adoptará cantas medidas e especificacións técnicas sexan precisas de cara a garantir a boa execución do convenio. A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.



Sétima.- Réxime xurídico

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

O convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da Lexislación de Contratos das Administracións Públicas, segundo o Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), que os exclúe expresamente no apartado c) do párrafo primeiro do artigo 4.

O presente convenio rexerase pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, pola demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Axencia Turismo de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiariamente polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

As cuestións litixiosas xurdidas na aplicación do presente convenio, e non solventadas na vía administrativa, serán resoltas pola xurisdicción contencioso-administrativa.


Oitava.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo estipulado sen que culminen as actividade acordadas.

Novena.- Publicidade e rexistro do convenio

O convenio deberá cumprir o réxime de publicidade establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información



sobre convenios, e artigos concordantes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade, e o consentimento ou autorización para que os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno aberto.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e no citado artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

Décima.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, terá vixencia ata o 15 de novembro de 2016.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Axencia de Turismo de Galicia

A directora de Turismo de Galicia


Mª Nava Castro Domínguez

Pola Asociación Nove Grupo Gastronómico

O presidente


Miguel Ángel Campos Gómez